

# O CASTELO DA ROCHA

---

Autor Preludio e Postludio:

Marcelino de Santiago Viqueira

Autor conto:

Dr. Luciano García Alén

## PRELUDIO

*Entra a Arqueóloga seguida de catro raparigos.*

*Os cativos comezan a remexer pola escena.*

Arqueóloga.- Ei nenos, deixade xa de remexer.  
A arqueoloxía é unha ciencia moi delicada,  
Temos que observar e logo con moito aquel e con  
moita paciencia limparemos o que atopemos pois pode  
ser unha boa pista...

Kukas.- ¿Para qué?

Arqueóloga.- Ben, Marcelino,  
Ti sabes ¿ que é unha arqueóloga?

Kukas.- unha arquelo... arqui... unha arque...?

Arqueóloga.- unha ar-que-ó-lo-ga!

Kukas.- armelogana;

Arqueóloga.- Unha arqueóloga é coma un detective que ten que  
ter en conta unha minúscula frangulla para reconstruír  
parte dun xigantesco crebacabezas...

Borja.- ¿E para qué?

Arqueóloga.- Para descubrir,

Para saber como vivían os nosos devanceiros,  
Que comían,  
Como vestían,  
Que facían,  
Como se divertían,  
Como traballaban,  
Como brincaban...

Alberte.-           ¿E por qué?

Arqueóloga.-       Imos ver, ¿cómo cho podo explicar?...  
Xa sei...  
Ti, ¿tes un avó? ¿non si?

Todos.-             Chi!...

Arqueóloga.-       E teu avó vive nunha casiña?

Todos.-             Chiii!...

Arqueóloga.-       E na casa hai moitos aparellos, moitos libros....

Todos.-             Chiiii!...

Arqueóloga.-       E a ti gustaríache lembrar dentro de moitos anos  
como vivía teu avó, ¿non si?....

Todos.-             Pois chi!

Arqueóloga.- Pois diso se trata , o que facemos os arqueólogos  
e investigar como vivían os nosos avós,  
E os avós dos nosos avós,  
E os avós dos avós dos nosos avós...

Borja.- E así deica un millón de avós!...

Arqueóloga.- Moi ben, así é...

Isabel.- ¿E para que é ese papel ?

Arqueóloga.- (*amosando un plano*) Primeiro collemos un plano do  
lugar que nos amosara onde cun pico e unha pala temos  
que comezar a escaravellar.

Atención! Cunha pala ou unha culler e con moita  
paciencia , que é a mellor de tódalas ciencias, imos  
escaravellando a terra ata atopar unha peza que pode  
que sexa tan pequerrechechiña como unha carrachiña,  
ou maior que un ovo de galiña... ou aínda mais  
enormemente grande que un camión mangallón...

Alberte.- ¿E que vas pintar con esa brocha? ¿o camión?

Arqueóloga.- Non, as brochas os arqueólogos non as usamos  
para pintar, senón para quitar os restos de terra que  
quedan apegados as pezas que atopamos.

Unha lupa axudaranos a estudar os restos  
atopados... ¡quen o ía a dicir, este cascallo ten

debuxado un fero león roendo un melón...Oh que ilusión!

Kukas.- E ¿por qué?

Arqueóloga.- Non sei, supoño que tería fame...

Borja.- ¿a lupa?....

Arqueóloga.- A lupa non, o león...

Alberte.- ¿Qué león?

Arqueóloga.- O que esta no anaco de lousa pintado

Isabel.- ¿e por qué?...

Arqueóloga.- Xa está ben nenos, abonda xa de tanta leria, imos a investigar o que hai agochado neste lugar, collede as ferramentas, e con moito coidado comecemos o traballo...

Kukas.- Señorita!... aí, aí...

Arqueóloga.- ¿Que pasa agora?...

Kukas.- Aí hai un... carai...

Arqueóloga.- Pero, si é un tambor...

Kukas.-           ¿Un tambor?

Arqueóloga.-     Un tambor é un instrumento de percusión. Bate-se nel cuns palitroques que repenican moi melindroques.



**tambor**

Kukas.-           ¿E por que soa así e non fai tirulí tirulí?

*Borja descobre unha trompeta e o aparello soa*



**trompeta**

Arqueóloga.-     Coidado meu, que esta trompeta aínda que de metal, pódese aboiar, so sona si sopramos ao xeito, o ar e quen a fai soar... e un instrumento de vento ... o musico que a queira tocar bos pulmóns terá que ter,

Borja.- *(aparece cunha vincha, a infla, )*

Arqueóloga.-     ¿Qué fas con esa vincha?

Borja.-           Tamén é un instrumento de aire,

Arqueóloga.-     ¿De aire?, quererás dicir de vento, a familia de os instrumentos que hai que soprar para que soen chamase de instrumentos de vento...

Borja.- Pero este instrumento non se sopra de fora para dentro, si non que o ar vai de dentro para fora, chiii....  
quere escoitar como sona?

Arqueóloga.- ¿Qué esa vincha sona?...

Borja.- Cando se desincha, escoite señorita (fai soar a vincha)

Arqueóloga.- Quita, quita, soa peor que un chifro esgallado

Borja.- Pero soa...

Arqueóloga.- Tamén soa unha aspiradora...

Borja.- Tamén...

Alberte.- Señorita, aquí hai outra cousa cousiña, ten cordas enriba dunha caixiña, e un tarabelo cheo de cabelos...

Arqueóloga.- Déixame ver... ¡Que ben, atopaches un violín!

Alberte.- ¿Un adoquin?

Arqueóloga.- Non ou non, é un violín que é un instrumento que nin é de percusión nin de vento... Pois soa o beliscar, ou acariñar as súas cordas.

E ese aparello que tantos cabelos ten e que lle chaman arco, cando acariña as cordas fai soar o violín .



## violín

Alberte.- Ñirirín ñiriñín que ben soa o violín.

Arqueóloga.- Que ben atopastes un instrumento de vento, outro de percusión e un de cordas, case que podemos montar unha orquestra.

Isabel.- ¿Unha qué?

Arqueóloga.- Unha orquestra que é un conxunto de moitos instrumentos musicais... Imos coñecelos

Aquí diante, temos a familia da corda na que hai: violíns, que son os mais pequeniños e soan moi agudo; as violas que son un chisco mais grandes que os violíns, os violonchelos que son aínda mais grandes e soan mais baixo e os contrabaixos que son os mais grandes de todos eles e soan moi pero que moi grave.



1º violín

2º viola

3º chelo

4º contrabaixo

Logo un pouco máis atrás temos a familia dos de vento: óboes, clarinetes frautas brincadeiras, fagots, trompas, trompetas.





**flauta, clarinete, etc**

Isabel.- Faltan os instrumentos de percusión, porrón pon pon...

Arqueóloga.- Tes razón, Sabeliña, mira como ti xa sabes. Alí están atrás de todo, no fondo, alí... ¿non os vedes? Son os timbais, o tambor, o bombo, a pandeireta, o triángulo...etcétera, etcétera, etcétera...



**percusión**

Arqueóloga.- Porque o soar todos os instrumentos a un tempo soará música, lene ou forte, alegre ou triste, agarimosa, romántica, tétrica, descritiva, ensoñadora, fantasmal, cruel...

*Un cativo chega correndo, acaba de descubrir unha carballeira*

Isabel.- Señoriña, Señoriña ....

Arqueóloga, ¿Qué fixestes agora?... Anda unha carballeira

Alberte.- Iña, iña veña axiña...

Arqueóloga.- ¿E iso que é? Un castelo, ¡anda que grande e rexo!.  
Que ben de seguro que nel atoparemos vestixios do  
pasado, *(remexen, arqueóloga atopa un libro vello)*  
mirade aquí hai un vello manuscrito, que boa pista...

Isabel.- ¿Por qué?

Arqueóloga.- Porque seguro que nos conta a historia do castelo

Isabel.- ¿Por qué?

Arqueóloga.- Porque nos libros hai escritas moitas lendas.

Isabel.- ¿E por qué?

Arqueóloga.- Porque as lendas son relatos tradicionais de feitos  
fantásticos, que poden ter un fondo histórico pero que  
foi deformado e exaxerado co paso do tempo...Imos ver  
que nos conta o libro... ¡Atención!, aquí pon:

A verdadeira historia do Castelo da Rocha Vella e  
dos sucesos que lle aconteceron a Oca, Federico e  
Manú... Escrita polo doutor Luciano García Alén, e  
musicada polo mestre Amador Santos Bartolomé.

¿Queredes que volo lea?

Todos.- Chiii...

Arqueóloga.- Pois poñede atención.  
Apañade un grolo de imaxinación...Glu, glu, glu

Xa temos a orquestra preparada...

*(mira buscando dun lado para outro)*

Anda pero si nos falta o director.

Kukas.-           ¿Para que?

Arqueóloga.-      Sen o director a orquestra soaría daquel xeito, os violín tocarían como lle petase, as frautas chifrarían a lume de carozo, as tubas atronaríanolos ouvidos, mais que soar unha orquestra asemellaría o estouro dunha treboada...



**orquestra afinando**

Por iso o director poñerá orde e acerto no concerto.

Todos.-           Siiii

Arqueóloga.-      Claro que pero para que entre temos que aplaudir moi, moi forte...*(aplausos)*

Xa estamos todos: Os Monicreques de Kukas cos seus monifates, a Real Filarmonía con tódolos músicos e cada músico co seu instrumento e o mestre Maximino Zumalave que dirixira o concerto.

Como vos dicía antes tomade un grolo de imaxinación... Glu, glu, glu

Abride ven os ollos, acougar o cu na cadeira,  
relaxar o corpo, limpar os ouvidos e pechar ben a  
boca...

O conto vai comezar.

## O CASTELO DA ROCHA VELLA

Esta é a historia de tres amigos:

Federico, un corvo que paira e controla dende as nubes a paisaxe.



música 1 corvo (14") (repetimos 3 veces)

Carballeira

Manú, unha toupa experimentada en cavar galerías subterráneas.



música 2 toupa (19") (repetimos 2 veces)

Castelo

e Oca, un canciño rebuldeiro e xogantín, de pelo crecho e cola arqueada que leva pendurada do pescozo unha cuncha de vieira ben lucida.



música 3 can (14") (repetimos 3 veces)

Carballeira

Esta historia sucedeu hai xa moitos anos, cando as xentes doutras terras principiaban a marcar os camiños de peregrinación a Santiago de Compostela, e a cada paso crecía o número das xentes que percorrían os camiños.

Por aqueles anos Santiago era unha pequena cidade rodeada de rexas murallas fortificadas, inexpugnables.

E a catedral, a vella catedral tiña torres cadradas como unha fortaleza.

Anteriormente Santiago fora unha gran carballeira que escondía o sepulcro do Apóstolo...

E menos mal que se conservan de tempos antergos os carballos da Ferradura que serven de casa e refuxio a paxariños e outros animais do bosque...

Ai, véñenme á cabeza as lembranzas de cando antigamente era o lugar preferido para a celebración das feiras que se facían tódolos xoves en Compostela.



**música 4 Compostela** (58'')

Sombras

Federico ten o seu niño, onde durme e vive na carballeira do val do río do Vilar, pretiño do Castelo da Rocha Vella.

Nas terras enxotas do val vive a toupa Manú, facendo galerías e comendo miñocas...

Ben se tratan Manú e Federico, veciños pola noite pecha e polas mañás cedo.

Tanto se queren que cando a toupa ten xantar de abondo regálalle ao seu o corvo unha manchea de miñocas.

Federico e Manú coñecen á perfección o Castelo e a cantos viven nesa fortaleza, porque o corvo pairea sobre o Castelo e controla dende arriba...e a toupa métese polos subterráneos.

- ¿Sabías que este castelo é o máis forte e rexo de tódolos castelos que hai en moitos quilómetros arredor? , dicía Federico o corvo que era case tan vello como os retortos carballos do lugar.

A toupa Manú non deixaba de ficar alleada escoitando a multitude de historias que lle contaba Federico.

- No medio do Castelo, hai unha torre alta, que é a residencia de descanso do arcebispo, que gusta de contemplar pola fiestra o fermoso e pequeno val que percorre o río Vilar antes de desaugar no río Sar.

Polo que ten albiscado a toupa Manú, por baixo da torre central hai unha capela dedicada a Santa Eufemia e aínda máis por baixo hai unha mina pola que se vai buscar a auga do río...

E noutro soterrado hai unha gaiola chea de cans, máis de vinte, son moi feros e adestrados, os sacan polas noites para meter medo á xente...

- Auuuu, auuuuu...

Os ladridos séntense ao lonxe...

Os gardas do castelo controlan o camiño que ven de Padrón a Santiago de Compostela, por onde pasan os peregrinos, os labregos,

os mariñeiros... E cobran os tributos de entrada das mercadorías e dos produtos do campo que levan os campesiños e mercadores.



**música 5 Castelo** (2' 21'')

Castelo



E foi na Ferradura onde se fixeron amigos o corvo Federico que ven a diario dende o lugar da Rocha, onde ten o seu fogar, deica esta carballeira en busca de carnaza, que así se chaman os restos de carne que deixan os que fan o xantar á sombra dos vellos carballos...

Como dicía foi na Ferradura onde o corvo Federico coñeceu ó canciño Oca.

Oca é un can de pelo crecho que leva pendurado do pescozo unha cuncha de vieira que gusta de pasear e brincar pola Ferradura.

Tamén guía aos peregrinos para entrar pola Porta Santa.

Cantas propinas xunta o canciño sérvenlle para repartir cos cans abandonados que pasan fame. Por iso Oca ten tantos amigos e é tan querido por todos.



**música 6 Ferradura** (1' 54'')

**Carballeira + Sombras**

Un día pola mañá cedo, o Federico, voando dun sitio para outro, grallaba entolecido porque faltaba o seu amigo Oca.

- Ei, amigos, vistes a Oca, un canciño de pelo crecho...
- Ei, peregrinos, sabedes algo do voso guía...Esta mañá non veu a brincar na Ferradura como fai de cote....

Federico sobrevoou os camiños e atinou que dous moinantes levaban a Oca polo camiño de Padrón...E seguíunos agochado tras dunha nube de algodón.

Xa en Padrón, mentres os malandros botaban unha sesta, Oca, con moita mañá, puido ceibarse por un furo que tiña o vello saco...

Por ventura nese intre chegaba Federico, que lle mostrou a Oca o camiño de volta, e dáballe ánimos e carne picada e algún oso para que non lle fallasen as forzas.

O chegar ó Castelo da Rocha Vella encontráronse cun problema, porque o Alcaide, que era o xefe dos gardas do Castelo, era moi cruel, moi ruín e moi salvaxe...

Federico, sabía que si o Alcaide vise á Oca, seguro que o levaría para a gaiola dos cans feroces.

E veulle unha idea luminosa: buscou á súa amiga a toupa Manú

- Pois claro que vos axudarei, seguídeme, dixo Manú, que con moita presa e con moita mañá escaravellou coas súas patas dianteiras unha longa e profunda galería por baixo do castelo.

E así foi como Oca retornou san e salvo a Santiago de Compostela.



### [música 7 Rapto Oca \(3' 10 "\)](#)

Carballeira

Sombras

Castelo

Túnel castelo + Túnel carballeira

Xa estamos chegando ó fin da historia.

Os gardas e soldados do Castelo abusaban máis e máis, aumentando os impostos de entrada á cidade dos produtos do campo, dos peixes de Noia e Rianxo, dos cacharros de cociña, vamos de tódalas mercancías, e mesmo ás veces os propios gardas lles roubaban aos campesiños de tal xeito que aos pobres non lles quedaba nin unha frangulla que levar a boca nin a dos seus filliños....

Así foi que dende a Maía deica ao Ulla organizaron unha guerra con pedras. Eran tantos os campesiños que se chamou a "Guerra Irmandiña".

Os campesiños atacaron o castelo con grandes catapultas deica deixalo reducido a cascallos e convertido nun monte de pedras que co paso dos anos foise cubrindo de vexetación.



**música 8 Irmandiños** (2' 18 ")

Castelo

Sombras + Castelo

Ruinas Castelo

Xa polo noso tempo, dese monte de pedras cóntanse historias e aparicións fantásticas que incrementan o interese deses restos do castelo que nos prometemos respectar.

Contase que hai unha galería subterránea que vai do castelo ao Pazo de arcebispo na cidade de Santiago. pero certo ou non, ninguén deu con ela.

Por certos días, nas noites máxicas, sobre o monte de pedras que queda do Castelo, vese ao lonxe unha fermosa boneca que desaparece se alguén se lle aproxima.

E non me esquezo da vella lenda que conta que os nenos da Rocha Vella veñen todos do Castelo.

Agora estase limpar a maleza que medra sobre o monte de pedras e a destapar o que resta do castelo que xunto co entorno rural forman un parque natural que nos mostra a súa historia.



**música 9 Final** (21")

**Carballeira**

**Sombras**

**Castelo**

## POSTLUDIO

Neno.-                ¡Carai! ¡Bravo! ¡Bravísimo!

Arqueóloga.-        ¿Que nenos gustouvos o conto?

Todos.-              Pois é que si

Arqueóloga.-        E a musica é ben bonita

Neno.-                A min gustoume cando facía tirulí tirulí pachán  
                         pachán...

Arqueóloga.-        ¿E gustaríavos volver a escoitala?

Neno.-                ¿O qué ?

Arqueóloga.-        A música

Todos.-              Pois chiiii

Arqueóloga.-        Imos agora a escoitar só a música soar.  
                         Sentádevos caladiños, limpar os ouvidos, aquelar  
                         o traseiro no asento, abrir a boca coller un bo grolo de  
                         aire, chuchar un bocado de inspiración, logo pechar a  
                         boca ben pechada para que non se escape a  
                         inspiración... pechade os ollos, mirade para dentro e  
                         veredes ese lugar onde fican os recordos, escoitade a

musica e lembrar as imaxes da historia que acabamos de ver. Atención concentración, musica mestre.

*Os nenos e a arqueóloga vanse sentando nunhas cadeiras fronte ao público e escoitan tamén moi atentos a música.*

SOA A MUSICA DE NOVO.